

HORARIO

MUSEO E CAFETERÍA
De martes a domingo: 11:00-20:00 h

LIBRARÍA

De martes a sábado: 11:00-13:30 h / 16:30-20:00 h
Domingo: 11:00-13:30 h

BIBLIOTECA

HORARIO DE INVIERNO:
De martes a xoves: 11:00-15:00 h / 16:00-18:00 h
Venres: 11:00-15:00 h

HORARIO DE VERÁN:
De martes a venres: 11:00-15:00 h

Entrada de balde

CGAC | 25 ANIVERSARIO

Rúa Valle Inclán, 2 - 15703 Santiago de Compostela
Tel.: (+34) 981 546 619
www.cgac.xunta.gal
Facebook: www.facebook.com/CGACSantiago
Twitter: @cgac_santiago



galicia

PROGRAMACIÓN



#25aniversarioCGAC

MÉRCORES, 26 DE SETEMBRO

19:00 h

CHARLA ENTRE DIRECTORES DO CGAC

Coa participación de Antón Pulido, Miguel Fernández-Cid, Miguel von Hafe Pérez e Santiago Olmo
Auditorio do CGAC

Un exercicio de diálogo, memoria e reencontro xa que o museo de hoxe é froito do traballo colectivo dos equipos do centro e dos seus directores así como da interacción das ideas e propostas formuladas con e para os diversos públicos. Unha excelente ocasión para transmitirle á cidadanía a importancia dun proxecto que debe sentir como propio e subliñar o seu carácter colectivo.

XOVES, 27 DE SETEMBRO



21:00 h

PERCORRIDO INAUGURAL POLA INTERVENCIÓN DE JAVIER RIERA NO PARQUE DE BONAVAL

Hall, Espazo de Proxectos do CGAC e parque de Bonaval / Entrada libre e de balde

A construción do edificio do CGAC realizouse paralelamente e en diálogo coa transformación da antiga horta do convento de San Domingos de Bonaval nun parque a través da colaboración de Álvaro Siza Vieira e a paisaxista galega Isabel Aguirre. A modo de celebración desta radical e decisiva transformación urbana da cidade de Santiago, Javier Riera (Avilés, Asturias, 1965) concibiu un breve paseo polo parque de Bonaval á noite: cando se apaga o sol a escuridade deixa aparecer sobre as árbores formas e xeometrías a través de proxeccións que crean un instante escenográfico. No interior do museo e para completar a visión do seu traballo, o artista presenta diversas proxeccións xunto a dous libros das súas recentes cianotipias, que conectan co desenvolvemento das imaxes proxectadas. Asemade, no Espazo de Proxectos, amosarase unha selección de intervencións luminicas en espazos naturais nas que se pode apreciar o paso do tempo do día á noite.

O traballo de Javier Riera baséase en proxeccións de luz de forma xeométrica, realizadas directamente sobre a vexetación e a paisaxe. Utiliza a fotografía como medio de rexistro e difusión do sucedido, sen manipularla dixitalmente. Céntrase, por tanto, nunha experiencia de intervención real sobre o espazo e o tempo da paisaxe, que o aproxima ás propostas da land art.

A relación entre xeometría e natureza adquire neste traballo un carácter meditativo, apelando a unha convivencia do público co poder de suxestión da modificación da paisaxe á que asiste, que aspira a ampliar a súa percepción, tendendo pontes cara a calidades e dimensións ocultas dos espazos nos que se produce. Riera entende a xeometría como unha linguaxe natural anterior á materia, capaz de establecer con ela un tipo de resonancia sutil e reveladora.

As proxeccións no parque poderanse ver os días 27, 28 e 29 de setembro, e 6, 13 e 20 de outubro desde o solpor até a medianoite. O público poderá gozar desta intervención entrando no parque desde o acceso flanqueado polo CGAC e o Museo do Pobo Galego.

VENRES, 28 DE SETEMBRO

20:00 h

DANZA: CLOSER

Thomas Noone Dance Company
CGAC / Entrada libre e de balde

Esta obra xorde do interese do director e coreógrafo Thomas Noone pola investigación sobre as diferentes linguaxes da danza, as colocacións na escena e as diversas perspectivas vivenciais para o público. Thomas Noone crea obras corais e desenvolve linguaxes específicos para cada bailarín cuestionando quen somos, que somos e como manifestamos a nosa humanidade mentres intentamos controlar o noso lado animal.

21:00 h

ARTE & LOUNGE

A Cantina do CGAC / Entrada libre e de balde

Á noite, cuns petiscos, os asistentes poderán experimentar a intervención de Javier Riera sobre a paisaxe do parque.

MIÉRCOLES, 26 DE SEPTIEMBRE

19:00 h

CHARLA ENTRE DIRECTORES DO CGAC

Con la participación de Antón Pulido, Miguel Fernández-Cid, Miguel von Hafe Pérez y Santiago Olmo
Auditorio del CGAC

Un ejercicio de diálogo, memoria y reencuentro ya que el museo de hoy es fruto del trabajo colectivo de los equipos del centro y de sus directores así como de la interacción de las ideas y propuestas planteadas con y para los diversos públicos. Una excelente ocasión para transmitir a la ciudadanía la importancia de un proyecto que debe sentir como propio y subrayar su carácter colectivo.

JUEVES, 27 DE SEPTIEMBRE

21:00 h

RECORRIDO INAUGURAL POR LA INTERVENCIÓN DE JAVIER RIERA EN EL PARQUE DE BONAVAL

Hall, Espacio de Proyectos del CGAC y parque de Bonaval / Entrada libre y gratuita

La construcción del edificio del CGAC se realizó paralelamente y en diálogo con la transformación de la antigua huerta del convento de San Domingos de Bonaval en un parque a través de la colaboración de Álvaro Siza Vieira y la paisajista gallega Isabel Aguirre. A modo de celebración de esta radical y decisiva transformación urbana de la ciudad de Santiago, Javier Riera (Avilés, Asturias, 1964) ha concebido un breve paseo por el parque de Bonaval al anochecer: cuando se apaga el sol la oscuridad deja aparecer sobre los árboles formas y geometrías a través de proyecciones que crean un instante escenográfico. En el interior del museo y para completar la visión de su trabajo, el artista presenta diversas proyecciones junto a dos libros de sus recientes cianotipias, que conectan con el desarrollo de las imágenes proyectadas. Al mismo tiempo, en el Espacio de Proyectos, se mostrará una selección de intervenciones luminicas en espacios naturales en las que se puede apreciar el paso del tiempo del día a la noche.

El trabajo de Javier Riera se basa en proyecciones de luz de forma geométrica, realizadas directamente sobre la vegetación y el paisaje. Utiliza la fotografía como medio de registro y difusión de lo sucedido, sin manipularla digitalmente. Se centra, por tanto, en una experiencia de intervención real sobre el espacio y el tiempo del paisaje, que lo aproxima a las propuestas del land art.

La relación entre geometría y naturaleza adquiere en este trabajo un carácter meditativo, apelando a una convivencia del público con el poder de sugerencia de la modificación del paisaje a la que asiste, que aspira a ampliar su percepción, tendiendo puentes hacia cualidades y dimensiones ocultas de los espacios en los que se produce. Riera entiende la geometría como un lenguaje natural anterior a la materia, capaz de establecer con ella un tipo de resonancia sutil y reveladora.

Las proyecciones en el parque podrán verse los días 27, 28 e 29 de septiembre, y 6, 13 e 20 de octubre desde la puesta de sol hasta la medianoche. El público podrá disfrutar de esta intervención entrando al parque desde el acceso flanqueado por el CGAC y el Museo do Pobo Galego.

VIERNES, 28 DE SEPTIEMBRE



20:00 h

DANZA: CLOSER

Thomas Noone Dance Company
CGAC / Entrada libre y gratuita

Esta obra surge del interés del director y coreógrafo Thomas Noone por la investigación sobre los diferentes lenguajes de la danza, las colocaciones en la escena y las diversas perspectivas vivenciais para el público. Thomas Noone crea obras corales y desarrolla lenguajes específicos para cada bailarín, cuestionando quién somos, qué somos y cómo manifestamos nuestra humanidad mientras intentamos controlar nuestro lado animal.

21:00 h

ARTE & LOUNGE

La Cantina del CGAC / Entrada libre y gratuita

Al anochecer, con unos aperitivos, los asistentes podrán experimentar la intervención de Javier Riera sobre el paisaje del parque.



22:00 h

CONCERTO: BOMBINO, ROCK TUAREG

Exterior do CGAC / Entrada libre e de balde

A noite do venres contará coa actuación de Bombino, que fusiona ritmos bárberes tradicionais coa enerxía do rock. Bombino presentará o seu novo álbum *Deran* (Partisan Records, maio de 2018) xunto ao tuareg Illias Mohammed á guitarra e voz, o estadounidense Corey Wilhelm á batería e percusión, o mauritano Youba Dia ao baixo, o percussionista marroquí Hassan Krifa e con Anana ag Haroun Assouf e Toulou Kiki nos coros. Un traballo que traza un itinerario polo deserto a través dos misteriosos sons contemporáneos procedentes do Sáhara.

SÁBADO, 29 DE SETEMBRO

11:00-19:00 h

MARATÓN DE TALLERES

Exterior do CGAC / Acceso libre e de balde

Realizaremos tres talleres simultáneos de creación plástica para todos os públicos dirixidos polo equipo do artista Alejandro Marote. Os talleres terán lugar durante todo o día e non será precisa a inscrición previa, de xeito que o público poderá sumarse no momento que queira a cada unha destas tres actividades. Convidaremos as persoas participantes a crear e intervir diversas estruturas xeométricas compoñendo unha grande instalación.

Taller Equipo A

Neste taller de estampación os asistentes aprenderán o proceso de serigrafía a varias cores. Empregaremos recortes de siluetas fotográficas para deseñar os nosos propios modelos. O público poderá traer as súas pezas de roupa para realizar os deseños. O CGAC agasallará as 50 primeiras persoas que se acheguen ao taller con camisetas ou bolsas de tea do 25 aniversario para facer as serigrafías.

Taller Megalópolis

Neste taller reflexionaremos sobre a cidade do futuro e a sustentabilidade. Analizaremos a xeometría que cimenta e que contén a natureza e crearemos maquetas de edificios con cartón reciclado que interviñamos mediante diferentes procesos plásticos como a serigrafía, a pintura ou a colaxe. O resultado será a construción grupal dunha megalópole que se colgará nunha grande estrutura pendular en forma de icosaedro. Un pequeno gran planeta artístico, fantástico e colaborativo.

Taller (Meta)morphosis

Durante esta actividade experimentaremos co proceso que vai da figuración á abstracción pura e traballaremos arredor da xeometría e dos fractais presentes na natureza. Partiremos dunha grande esfera de 4 metros de altura que interviñamos a partir de diferentes técnicas plásticas para construír, mediante o traballo colaborativo, unha grande escultura poliédrica.

13:00 h

SESIÓN VERMÚ CON MÚSICA EN DIRECTO: ALÓ DJANGO, GYPSY SWING

Exterior do CGAC

Co gallo do 25 aniversario do centro, o grupo galego Aló Django amenizará a sesión vermú cun repertorio musical inspirado no jazz e na música dos xitanos *manouche* centroeuropeos dos anos vinte.

Se o tempo o permite a sesión vermú terá lugar na explanada exterior do CGAC ou na cantina do CGAC, se chove.

Aló Django: Xabier Mera, guitarra e voz / Quim Fariña, violín / Alfonso Calvo, contrabaixo / David Tato Rodríguez, guitarra

DOMINGO, 30 DE SETEMBRO

13:00 h

CINE CON MÚSICA EN DIRECTO

Auditorio do CGAC

Propoñemos de novo unha viaxe aos tolos anos vinte con esta selección fílmica para festexar os 25 anos do CGAC.

A formación Caspervek Trío interpretará en directo a banda sonora composta por Brais González para a obra mestra de cinema *O maquinista da xeral*, do ano 1926. Unha comedia de acción trepidante para todos os públicos, dirixida e protagonizada por Buster Keaton, que se proxectará no auditorio do CGAC.

Caspervek Trío: Blas Castañer, percusión / Eduards Vecbastiks, violín / Brais González, composición e piano

22:00 h

CONCIERTO: BOMBINO, ROCK TUAREG

Exterior del CGAC / Entrada libre y gratuita

La noche del viernes contará con la actuación de Bombino, que fusiona ritmos bereberes tradicionales con la energía del rock. Bombino presentará su nuevo álbum *Deran* (Partisan Records, mayo de 2018) junto al tuareg Illias Mohammed a la guitarra y voz, el estadounidense Corey Wilhelm a la batería y percusión, el mauritano Youba Dia al bajo, el percussionista marroquí Hassan Krifa y con Anana ag Haroun Assouf y Toulou Kiki en los coros. Un trabajo que traza un itinerario por el desierto a través de los misteriosos sonidos contemporáneos procedentes del Sáhara.

SÁBADO, 29 DE SEPTIEMBRE

11:00-19:00 h

MARATÓN DE TALLERES

Exterior do CGAC / Acceso libre y gratuito

Realizaremos tres talleres simultáneos de creación plástica para todos los públicos, dirigidos por el equipo del artista Alejandro Marote. Los talleres tendrán lugar durante todo el día y no será necesaria la inscripción previa, de manera que el público podrá sumarse en el momento que quiera a cada una de estas tres actividades. Invitaremos a las personas participantes a crear e intervenir diversas estructuras geométricas componiendo una gran instalación.

Taller Equipo A

En este taller de estampación los asistentes aprenderán el proceso de serigrafía a varios colores. Emplearemos recortes de siluetas fotográficas para diseñar nuestros propios modelos. El público podrá traer sus prendas de ropa para realizar los diseños. El CGAC obsequiará a las 50 primeras personas que se lleguen al taller con camisetas o bolsas de tela del 25 aniversario para hacer las serigrafías.

Taller Megalópolis

En este taller reflexionaremos sobre la ciudad del futuro y la sostenibilidad. Analizaremos la geometría que cimenta y que contiene la naturaleza y crearemos maquetas de edificios con cartón reciclado, que intervendremos mediante diferentes procesos plásticos, como la serigrafía, la pintura o el collage. El resultado será la construcción grupal de una megalópolis, que se colgará en una gran estructura pendular en forma de icosaedro. Un pequeño gran planeta artístico, fantástico y colaborativo.

Taller (Meta)morphosis

Durante esta actividad experimentaremos con el proceso que va de la figuración a la abstracción pura y trabajaremos en torno a la geometría y a los fractales presentes en la naturaleza. Partiremos de una gran esfera de 4 metros de altura que intervendremos a partir de diferentes técnicas plásticas para construir, mediante el trabajo colaborativo, una gran escultura poliédrica.

13:00 h

SESIÓN VERMÚ CON MÚSICA EN DIRECTO: ALÓ DJANGO, GYPSY SWING

Exterior del CGAC

Con motivo del 25 aniversario del centro, el grupo gallego Aló Django amenizará la sesión vermú con un repertorio musical inspirado en el jazz y en la música de los gitanos *manouche* centroeuropeos de los años veinte.

Si el tiempo lo permite, la sesión vermú tendrá lugar en la explanada exterior del CGAC o en la cantina del CGAC, si llueve.

Aló Django: Xabier Mera, guitarra e voz / Quim Fariña, violín / Alfonso Calvo, contrabajo / David Tato Rodríguez, guitarra

DOMINGO, 30 DE SEPTIEMBRE



13:00 h

CINE CON MÚSICA EN DIRECTO

Auditorio del CGAC

Proponemos de nuevo un viaje a los locos años veinte con esta selección fílmica para festejar los 25 años del CGAC.

La formación Caspervek Trío interpretará en directo la banda sonora compuesta por Brais González para la obra mestra de cine *El maquinista da general*, del año 1926. Una comedia de acción trepidante para todos los públicos, dirigida y protagonizada por Buster Keaton, que se proyectará nen el auditorio del CGAC.

Caspervek Trío: Blas Castañer, percusión / Eduards Vecbastiks, violín / Brais González, composición y piano



JAVIER RIERA BONAVAL

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

27 setembro - 25 novembro 2018

CGAC | 25 ANIVERSARIO
CENTRO GALEGO
DE ARTE
CONTEMPORÁNEA


www.cgac.org

Aberto de martes a domingo

de 11 a 20 h

[Luns pechado]

 XUNTA
DE GALICIA

 galicia